## REALIZACIÓN DUNHA PROBA OU EXAME

- **Imos ao curso que xa temos creado cada un de nós**. Activamos a edición e en cada tema sucesivo escollemos a opción "**banco de preguntas**". Hoxe traballaremos as preguntas e como facer unha proba.







### 1ª PARTE: Categorías - Faremos as actividade dentro de categorías

**Teremos que crear categorias cos temas e apartados dentro dos temas onde poderemos gardar as preguntas que faremos máis adiante para así telas ordenadas e poder acceder rápidamente a elas.**

**1.- Creación de categorías**

A **ruta** a seguir é:

**Mais.. -Banco de preguntas-Categorías-** baixamos ata **Engadir categoría-** Escollemos como **categoría principal** - **Predeterminado para: o voso curso- Nome** (aquí empezamos a engadir as categorías, por exemplo **TEMA 1**)- **Engadir categoría**. Repetimos a operación anterior escollemos como **categoría principal** - **Predeterminado para: o voso curso- Nome** (aquí empezamos a engadir as categorías, por exemplo **TEMA 2**)- **Engadir categoría**.




Repetimos unha vez máis Escollemos como **categoría principal** - **Predeterminado para: o voso curso**- Nome (aquí empezamos a engadir as categorías, por exemplo **TEMA 1**)- **Engadir categoría**,.

Escollemos como **categoría principal** - **TEMA 1- Nome** (aquí empezamos a engadir os apartados dos temas, por exemplo **1.1. Apartado**)- **Engadir categoría,** repetimos o mesmo engadindo o **1.2. Apartado** e **1.3. Apartado**.

**2ª PARTE: Creación de preguntas - Faremos as actividade dentro de preguntas**

**Teremos que crear preguntas de diversos tipos que logo (no 3ª parte) poñeremos no exame**

A **ruta** a seguir é:

**Mais.. - Banco de preguntas -Preguntas- Seleccionar categoría** (escollemos por exemplo  o 1.1. apartado)- **Crear unha nova pregunta**.

O podemos ir directamente  a través do meno onde estaban as categorías:







No menú en **crear unha nova pregunta** que se abriu temos todos os tipos de preguntas que se poden facer en Moodle. Imos escoller por orden as 3 primeiras opcións de preguntas:



## 1.- PREGUNTAS DE ESCOLLA MULTIPLE




**1.- EXEMPLO Escolla múltiple - Nome da pregunta**(un nome que sirva para identifica a pregunta, só para o profesorado: ex:Corazón) **Texto da pregunta** (aquí ven a pregunta que se poderá ler no exame: ex: Como se chama o órgano que bombea a sangue polo corpo?)-

E aínda que hai varias opcións baixamos directamente a zona inferor das respostas.
**Respostas- Escolla 1** -escribimos unha resposta, neste caso a verdadeira (ex: Corazón)-
**Cualificacións**- escollemos 100% xa que é a resposta verdadeira,
Logo seguimos **Respostas- Escolla 2** -escribimos unha resposta, neste caso a falsa (ex: Fígado)-
**Cualificacións**- escollemos -25% xa que é una resposta falsa.
Logo seguimos **Respostas- Escolla 3** -escribimos unha resposta, neste caso a falsa (ex:Ril)-
**Cualificacións**- escollemos -25% xa que é una resposta falsa.
Logo seguimos **Respostas- Escolla 4** -escribimos unha resposta, neste caso a falsa (ex:Cerebro)-
**Cualificacións**- escollemos -25% xa que é una resposta falsa.



## 2.- PREGUNTAS DE VERDADEIRO OU FALSO




**2.- EXEMPLO Verdadeiro falso** - **Nome da pregutna** (un nome que sirva para identifica a pregunta, só para o profesorado:  ex: Ozono) **Texto da pregunta** (aquí ven a pregunta que se poderá ler no exame: ex: A fórmula química do ozono é $O_2$)- Neste caso o enunciado é falso polo que en **Resposta correcta**- escollemos **Falso**- **Gardar modificacións**.

## 3.- PREGUNTAS DE RESPOSTA CURTA

**4.- Resposta Curta** - **Nome da pregunta** (un nome que sirva para identifica a pregunta, solo para o profesorado:  ex: Perdido) **Texto da pregunta** (aquí ven a pregunta que se poderá ler no exame: ex: How do you say "perdido" in English?...)- en **Resposta 1**- escribimos a solución **Lost** **.Cualificación** 100%- **Gardar modificacións**




## 4.- PREGUNTAS DE RESPOSTA NUMÉRICA

**4.- Resposta Numérica** - **Seguinte- Nome** (un nome que sirva para identifica a pregunta, solo para os profesores:  ex: Comezo da Primeira Guerra Mundial 1914) **Texto da pregunta** (aquí ven a pregunta que se poderá ler no exame: ex: A Primeira Guerra Mundial comezou o 28 de Xullo do ano ......)- en **Respostas**- escribimos 1914 **Erro**- 1 (lle damos un marxe de erro dun ano para arriba e para abaixo)- **Cualificación** 100% **Gardar modificacións**.

- Agora imos **exportar** as preguntas do curso base e importalas no noso curso. **Administración- banco de preguntas-exportar-** Marcamos **o cadrado superior** que selecciona todas as preguntas. formato de ficheiro escollemos **Formato XML de Moodle- Exportar preguntas do ficheiro**. Agora estas preguntas descárganse no noso ordenador.

- Imos **importar** estas preguntas no curso que temos creado.

Entramos no noso curso- **activamos edición- Administración-banco de preguntas-importar**- escollemos **Formato XML de Moodle**- botamos preguntas a importar 1 que esta dentro carpeta de materiais da 4ª sesión.

**3ª PARTE: Creación de exame - Na páxina principal do curo**

Temos que ir ao **Tema 1** do noso curso e en **engadir unha actividade** escoller no **menú proba- Nome** (o nome da proba: ex Exame Tema 1). **Descrición** (regras, do exame, número de preguntas....ex: exame con 10 preguntas variadas para contestar en 30 minutos)- **Sincronización- Abrir a proba**- (cando empeza e acaba o exame)-Tempo límite (cando durará el exame: Ex:30 min)- **Cando expira o prazo** (escoller: Os intentos abertos entréganse automaticamente)- Cualificación-intentos permitidos (ex:1)- **Método de cualificación** (a cualificación máis alta)-**Deseño- Orde da pregunta-Tal e como na pantalla de edición- Nova páxina** (Cada cuanto te cambia de páxina. Ex:10 porque faremos un exame de 10 preguntas)- **Comportamento da pregunta- barallar dentro da pregunta-** escoller **si**- **Como se comportan as preguntas-comentario diferido-opcións de revisión** (desmarcamos todos os cadros azuis)- **Presentar-escollemos imaxe pequena- Posicións decimais nas táboas- 1**- e imos ata o final e prememos **Gardar e mostrar**.

-Pulsamos **Editar a proba**- agora as cuestións que temos no **banco de preguntas** aparecen na táboa da dereita onde pon **O banco das preguntas contén** (se pon **mostar**, darlle ao botón e debería poñer no seu lugar **agochar** e aparecer algunhas preguntas un pouco máis abaixo).

- No centro é o **lugar onde imos facer o exame**. A idea e ir pasando as preguntas que nos interesen da dereita cara a esquerda. Estas poden ir de 1 en 1, ou podes dicirlle que escolla unha pregunta aleatoria dentro dun grupo.

Para escoller a pregunta**: seleccionamos a categoría** onde esta a pregunta, e aparecen todas as preguntas que hai nesa categoría.

**- Imos seleccionar só 1 pregunta**: marcamos o **cadrado que hai diante da pregunta** e prememos o botón **engadir a proba**. Aparecerá entón a pregunta na columna do centro da pantalla-

- **Imos seleccionar dúas preguntas aleatoria dentro dun grupo**: **seleccionamos a categoría**, e debaixo de onde pon **engadir preguntas aleatorias** da categoría pon **Engadir** (aqui escollemos 2) e logo **Engadir a proba**.

A tarefa consiste en **facer un exame de 10 preguntas, algunhas fixas e oturas aleatorias**.

- Cada pregunta pode ter un valor distinto, dentro de cada recadro de cada pregunta do exame pon **Puntuado fóra de**: ven 1 por defecto, pero podedes aumentar ese valor se a pregunta vale máis, e logo darlle xusto ao lado a **Gardar**.

- Cando remates de engadir as 10 preguntas, xusto enriba do exame hai outro lugar que dí **cualificación máxima** (que poderá ter un valor superior a 10, aínda que o cálculo sempre o vai a facer o computador sobre 10), e haberá que pulsar o botón Gardar cando este todo listo.